



## *Antón Reixa (Agosto de 2011)*

*Amigas e amigos de Monforte, permitideme que comece invocando aos vellos camaradas vigueses de Siniestro Total que lle regalaron ao mundo aquilo de:*

*"esta canción no te importe, no somos de Monforte"*

*E digo eu*

*Este pregón non che importe eu non che son de Monforte, porque chego aquí cheo de agradecemento por esta honra e abraiado pola responsabilidade porque ben sei o excepcional que vén sendo que o pregoeiro destas festas non sexa nativo nin veciño desta cidade, eu veño do mar de Vigo, capital do imperio do salitre, e alí adoitamos chamarlles a algún tipo de forasteiros "jodechinchos", pola súa ansia depredadora dos peixes de tamaño mínimo, por iso, insisto, ben agradecido estou por acadar esta condición de pregoeiro porque eu, especialmente adito a frecuentar esta cidade nos últimos dous anos ben merecería o apelativo de "chupa mencias" e é que a capitalidade que Monforte asume da ribeira sacra entra polo esófago e asolágache o subconsciente canibal*



*Permitideme tamén que entenda esta honra como un dato relevante do voso alto sentido da diversidade cultural e é que ao fin e ao cabo todos somos nativos, nativos dalgún sitio e eu que o son do salitre portuario de Vigo como non me vou marabillar de que esta cidade que ocupa o que cuartenariamente sería un lago cifre o seu futuro estratéxico no que chamades porto seco para o que vos desexo o maior dos éxitos*

*Contaba o meu amado e ilustre monfortino Lois Pereiro que Monforte só existe na imaxinación dos nativos exiliados e digo eu que grande prodixio é ese porque dos territorios que ocuparon lagos sempre se di que achantan unha oculta e clandestina cidade que en todos os lagos do mundo adoitan en chamar Antioquía e podemos pensar que de aquel vello lago da terra de lemos emerxeu esta cidade que existe, subsiste e resiste blindada pola néboa, vinganza acuática da historia, a néboa ferroviaria que se mastiga na inacabada novela d lois "naúfragos do paraíso" e dentro da néboa sempre hai máis néboa como caparazón da vosa intelixencia emocional que fixo ben en tramar ese porto seco como vinganza a expropiación do voso esplendor ferroviario, operación para a que non chegou León e tiveron que*



*estendela a ourense con esa estación por mal nome "ourense empalme". Xa saberán eles o que queren dicir con iso de empalme.*

*E velaquí estamos falando das festas de Monforte, se cadra o mellor antídoto para sublimar a tiranía da diferenza co bono alemán. Por certo cal sería a diferenza do bono de Monforte cos bonos de Angela Merkel, obviemos a prima de risco, e é que non podo obviar o fácil e absurdo xogo de palabras de que non sabemos se a prima de risco, don Vicente, pasou por aquí pero si con certeza sabemos que por Monforte andou Vicente risco porque esta cidade foi das primeiras en sumarse nos anos vinte ao movemento das irmandades da fala e aquí temos unha esencialidade tamén desta cidade: a de ser un bo resumo e metáfora do mellor, máis moderno e máis audaz de Galicia:*

*Monforte foi relevante nun dos tempos máis felices de Galicia, o breve pero intenso reino suro de Galicia, foi proactiva e protagonista con Diego de Lemos na revolta irmandiña, foi libremente hospitalaria cos xudeos, tivo bos alcaldes republicanos, lamentablemente represaliados e tamén foi territorio de acollida dos máis bravos maquis, por terras de Lemos andou o piloto, aínda que tamén andaron*



outros lamentables personaxes como franco e os duques de alba nos grises anos sesenta (un inciso, a proposito da duquesa, disque fixo testamento este verán para neutralizar os ciumes posesivos e avaros dos seus fillos , que vai pasar co edificio da compañía?)

*E sigo*

afortunadamente, a historia e Monforte teñen o patrimonio da sabedoría e nas últimas décadas ben podeades facer ostentación de dignidade con manuel maria, lois pereiro, o torrencial patino, os entrañables yellow pixoliñas e a intelixencia comunicacional de julia otero que alardea máis de ser de Monforte que dos varios premios ondas que xa gañou .

*Deixo para o final a miña dose de antropoloxía confusa*

Como non vai ser unha metáfora de Galicia e da vida unha cidade que se sitúa entre o sil e o miño, o yin e o yan, o si e o non simbolizados polo "depende" que representa o cabe, o río cabe. E outra vez non podo evitar un xogo facilón de palabras: que acáida nos resulta aos galegos a expresión coa que respostamos aos que nos reclaman a razón absoluta, por non dárllela e evitar a expresión





*"efectivamente", cantas veces damos en dicir pero "qué dúbida cabe, home, qué dúbida cabe"*

*A min por caberme ou non caberme, si que me cabe unha dúbida e é por que estas festas patronais invocan a Virxe de Montserrat e eu non vos coñezo ningunha monfortina que se chame montse e moitas non haberá pero ben se ve que sodes xente de mundo*

*Di o meu amigo e camarada (o outro pereiro) Xosé Manuel Pereiro que Monforte é unha nación, cómpre xa, pois, irdes definindo a forma de estado. República, digo eu, non me fallaredes niso nesta terra capital da viticultura heroica e empinada. Outra vez a metáfora, a mellor metáfora da vida e do pracer, o esforzo e a intelixencia para acadar o pracer supremo.*

*Remato, como non con lois pereiro, que falou da existencia imaxinaria desta cidade agochada na néboa e no subconsciente colectivo pero algún día xa vai cumprindo que levante néboa en Monforte, en Galicia e no mundo*

*E como comecei*



*Este pregón*

*Non che importe eu non vos son de Monforte*

*Pero importe ou non importe*

*Que sempre a solidaria e universal Galicia ao mundo me transporte, pero pasando sempre por Monforte*

*Viva Galicia! Viva Monforte!*

*Antón Reixa*